

Rogos e preguntas do Pleno de setembro de 2021

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

Pregunta: O Concello de Bueu debido á pandemia da COVID-19 tivo que suspender as clases de ximnasia que se desenvolvían durante todo o ano no marco do programa “Bueu Saudable”, orientadas especialmente cara ás persoas maiores.

Á vista de que nos últimos meses se está recobrando en todas as administracións públicas unha maior promoción das actividades presenciais –realizadas baixo todas as medidas sanitarias pertinentes–, desde o Partido Popular de Bueu consideramos oportuno o reinicio de ‘Bueu Saudable’, sobre todo debido ó efecto enormemente beneficioso que dito plan ten para a saúde, tanto física como psicolóxica, das persoas asistentes, que, en ocasións, incluso teñen na actividade un dos seus contactos sociais máis prezados.

En base ó anteriormente exposto, formulo a seguinte:

Ten previsto o Concello de Bueu, a través da Área de Deportes, o reinicio do programa de actividades de ximnasia de mantemento dirixidas, en especial, cara ás persoas da terceira idade? En caso de que a resposta sexa afirmativa, cal é o plan do goberno local para a súa posta en marcha e cando vai ter lugar?.

Resposta: Dende a Concellaría de Deportes levamos semanas traballando e estamos ultimando todos os detalles para reanudar as actividades físico – deportivas para a cidadanía, que comezarán en outubro. Estas ximnasia contarán con todas os protocolos da Covid-19 e serán impartidas polo monitor deportivo en diversos grupos.

Pregunta: O Concello de Bueu, a través da súa páxina web, anunciou o 10 de marzo de 2021 que a piscina municipal cuberta abriría as súas portas o 29 de marzo, cun período de proba gratuíto de 3 meses. Porén, o 17 de xuño o Faro de Vigo publicou unha nova relativa á prorroga da gratuidade da piscina durante todo o verán. Con

todo, a día de hoxe, o goberno local aínda non anunciou oficialmente cando rematará dito período.

Durante estes seis meses, o custo da piscina repercutiu, exclusivamente, nas arcas municipais, sen ter os grupos políticos ningunha información sobre as partidas das cales se están detraendo cartos para financiar os contratos. Ademais, segundo se apuntaba en dita noticia, desde a Alcaldía estíbese a traballar nun contrato que lle dá a unha empresa privada ou unión temporal de empresas a xestión do servizo, coa intención de ter dito contrato adxudicado de cara “ao novo curso”.

En base ó anteriormente exposto, formulo as seguintes preguntas:

PRIMEIRA.- Cal vai ser o modelo de xestión da piscina municipal e cal vai ser o papel das empresas privadas en dita xestión? Está de acordo o concelleiro en dito modelo á vista de que a web do seu partido, ACB, recollía como compromiso a asunción da xestión da piscina pública e a xestión municipal dos servizos públicos?

SEGUNDA.- Para cando se prevé a aprobación dos pregos de condicións? Actualmente, con cargo a que partidas se está a levar a cabo o pago dos contratos menores necesarios para a apertura gratuíta da piscina e que custo total supuxo a súa apertura e mantemento durante estes meses?

Resposta: O modelo de xestión é mixto: a parte deportiva contratarase a unha empresa mediante un contrato de servizos no ela poñerá o material correspondente para levar adiante o plan e as distintas actividades; mentres que o control do funcionamento das instalacións, así como seguimento da xestión será dirixido directamente pola Alcaldía e as concellarías correspondentes. Neste sentido, o mantemento será realizado por persoal municipal, e outros servizos, como o control da climatización e a calidade da auga será a través de contratos con empresas especializadas (agora mesmo, os contratos están en vigor e cando remate a súa vixencia renovaranse).

Así e todo, estamos nunha fase de transición, pendentes de que dende os departamentos técnicos e xurídicos preparen todos os documentos necesarios para licitar o servizo. Nestes momentos seguimos prestando o servizo nos mesmos termos que dende o 29 de marzo, e seguirá sendo así ata que dispoñamos dun contrato de

servizos que permita ampliar a franxa horaria que xa está definida nos documentos técnicos.

No tocante aos gastos, a apertura da piscina custa 6.025,65 € mensuais, sendo de 36.153,90 € dende o 29 de marzo ata a actualidade, que se aboan con cargo á partida orzamentaria número 342 22799 na que se insiren “Outros traballos realizador por outras empresas”. A iso habería que sumar a limpeza, que suma un total de 12.480,34 €, con cargo á mesma partida.

Engade que ACB despois de ver tres/catro opcións é a mellor “avante”? para o concello, vamos a seguir tendo o control pero por problemas que todo o mundo coñece non podemos contratar xente.

Pregunta: As queixas da veciñanza a respecto da recollida do lixo sucédense desde hai varios anos, sobre todo nos meses de verán. Debido ás altas temperaturas, é habitual que a falta de limpeza dos contedores produza malos cheiros, ademais de, nalgunhas zonas, atraer a roedores. Este problema é froito da deixadez na obrigada salubridade pública que a empresa concesionaria do servizo na Mancomunidade de Concellos do Morrazo, Urbaser S.A., debe prestar, así como unha falta de actuación por parte do Concello de Bueu, con competencias en recollida de residuos e protección da salubridade pública en base ao Capítulo III da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Coa chegada ao goberno local do concelleiro e vicecalde Julio Villanueva, cuxo ámbito funcional abarca o control das concesionarias, este comprometeuse a realizar un control da actividade e xestión de, entre outras, Urbaser S.A. Con todo, este verán producíronse os mesmos problemas ca en anos pasados, sen que a veciñanza percibise un cambio real na prestación do servizo.

En base ó anteriormente exposto, formulo as seguintes preguntas:

PRIMEIRA.- Cantas reunións mantivo, ben presencialmente, ben telematicamente, coa empresa concesionaria durante os dous anos de mandato? Que resultados se obtiveron de ditas xuntanzas?

SEGUNDA.- Cada cantos días lle corresponde a Bueu o baldeado dos contedores de lixo en verán? Está cumprindo a concesionaria con esa periodicidade?

Resposta: Ao comezo do mandato mantivéronse varias reunións co xefe do servizo de Recolte, nas que se expuxeron as diversas problemáticas que tiñamos no Concello de Bueu con respecto á recollida do lixo. Dende o ano pasado, este servizo pasou a ser xestionado por Urbaser, e tanto dende a alcaldía como as diversas concellarías mantense seguimento diario, a través do teléfono móbil, correo electrónico e reunións presenciais. Como ben sabe, o servizo de recollida do lixo é competencia da Mancomunidade de Concellos do Morrazo (que abrangue Bueu, Cangas e Moaña), e que dende este órgano, a través das distintas reunións, estanse realizando os trámites para poder recuperar a xestión directa do servizo e solventar as problemáticas de mal funcionamento que detectamos coa empresa. En canto ao baldeado de contedores, durante a maioría do ano é bimestral, agás de xuño a setembro que se fai con periodicidade mensual. Os responsables da concesionaria enviánnos informes periódicos do servizo de recollida de lixo nas diversas zonas.”

Pregunta: O 30 de xullo de 2021, nun pleno extraordinario, a Corporación Municipal aprobou inicialmente cos votos a favor de BNG e ACB e coa abstención do PP a Relación de Postos de Traballo do Concello de Bueu. Este documento, que chegou á sesión cos informes desfavorables dos servizos técnicos municipais, contou cunha férrea defensa do equipo de goberno, que defendía o documento por ser, supostamente, un proxecto de consenso e que contaba co apoio unánime dos traballadores municipais.

Con todo, este domingo desde o grupo municipal do PP recibimos con sorpresa a través do Faro de Vigo (e non do goberno local) a presentación de 17 alegacións de empregados municipais e dun sindicato. Aínda que é de esperar que nun documento desta envergadura haxa alegacións, sorprende que sexan tantas, logo das continuas apelacións a que existía un consenso claro, incluso cos sindicatos e os seus representantes.

En base ao anteriormente exposto, formula ante D. Julio Villanueva González a seguinte pregunta: Segue considerando o goberno local de que a Relación de Postos de Traballo era un documento que contaba co apoio unánime e o consenso dos

traballadores municipais? Como valora, logo das 17 alegacións e de todos os informes municipais en contra, a RPT?

Resposta: A Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobouse por unanimidade da Mesa Xeral de Negociación por todas as persoas que ostentas a representación, tanto por parte da administración como do persoal municipal. As cuestións de carácter particular non se abordaron nesa mesa de negociación, que se encarga, en todo caso, de solventar temas xerais das condicións laborais. Ben é certo que poden existir erros técnicos, e que a través destas alegacións poderán ser corrixidas na presente fase, pero é algo que xa se sabía de antemán.”

Rogos formulados por Dona María Elena Estévez Freire.

Roga o peche da pista da Banda do Río, xa que houbo bastantes queixas e hai unha obra que hai que facer e varios escritos presentados por noso grupo.

Roga que se proceda a revisión dos camiños e viarios municipais porque algúns están en estado intransitable, que se faga unha visita e se poida asumir o pavimento ou a mellora deses viarios.

Roga a limpeza de Area de Bon que ten bastante maleza, aínda que sexa de sentido único, incluso as persoas que van andando tamén se poñen en risco.